NÚMERO 24 GRATUÍTO NOVEMBRO 2021

3 Economía ▪ As Pontes destina 80.000 euros para fomentar a creación de empresas

4-5 Entrevistas ▪ Ángel Alvariño, alcalde de Neda, e Marián Ferreiro, alcaldesa de Narón, analizan o ecuador la lexislatura

20 Infraestruturas ▪ Narón investirá 1,2 millóns en melloras viais na zona rural

enfoques.gal

Servizos

O Eume reclama á Xunta melloras no transporte

O GOBERNO LOCAL DE BERNARDO FERNÁNDEZ RECLAMA Ó EXECUTIVO GALEGO A GRATUIDADE DO AUTOBÚS ESCOLAR

DENUNCIAN O INCUMPRIMENTO DOS HORARIOS E A SUPRESIÓN DE PARADAS SEN AVISO

Os cinco municipios implicados na xuntanza mantida en Pontedeume este pasado mes de outubro teñen como obxectivo prioritario neste momento organizar unha estratexia de forma conxunta para reclamar así á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Mobilidade, un servizo óptimo de transporte, tanto interurbano como escolar.

Reunión dos representantes municipais de Pontedeume, Cabanas, A Capela, Monfero e Miño. Páxina 2

Urbanismo

Valdoviño dá luz verde ao seu Plan de Mobilidade Sostible

O documento aposta por un reparto máis equitativo do espazo público e unha redistribución que impulse os modos alternativos de transporte sostibles e favorza ao peón na súa reconquista do espazo público.

Páxina 17

Turismo

O proxecto do Xeoparque recibirá fondos europeos

A Deputación da Coruña propuxo fai escasos dous meses incorporar o plan para As Fragas do Eume e tamén o do Xeoparque do Cabo Ortegal, cuantificando neste último caso en 3,8 millóns de euros.

Páxina 16

SANIDADE PÁX. 20 e 21

Cedeira avanza no proxecto de ampliación do centro de saúde

▪ O Concello de Cedeira chegou a un acordo coa Confraría de Pescadores da vila para adquirir, por 74.312 euros, a parcela da súa propiedade que servirá para levar adiante a ampliación do centro de saúde.

Os maiores de 80 anos son os primeiros en recibir as novas doses.

A área sanitaria de Ferrol encara o reto da dobre vacinación

▪ A poboación maior de 80 anos é a primeira en recibir a terceira dose da vacina contra o COVID-19 e máis a da gripe. Dende o 29 de novembro será o turno do resto da poboación diana das comarcas.

Municipal

Cariño busca recuperar terreos urbanos ocupados actualmente por Portos de Galicia

Páxina 19

Servizos

Pontedeume, Cabanas, A Capela e Monfero reclaman á Xunta melloras no transporte

Bernardo Fernandez reúnese con representantes de Cabanas, A Capela, Monfero e Miño.

O GOBERNO LOCAL DE BERNARDO FERNÁNDEZ RECLAMA Ó EXECUTIVO GALEGO A GRATUIDADE DO AUTOBÚS ESCOLAR PARA O ALUMNADO DE BACHARELATO DO IES BREAMO, XA QUE TEÑEN DEREITO Á EDUCACIÓN GRATUITA

O Concello de Pontedeume mantivo o día 22 de outubro unha reunión con representantes dos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero e Miño, co obxectivo de coordinar unha estratexia conxunta para reclamar á Xunta de Galicia un servizo de transporte escolar e interurbano "de calidade".

Na xuntanza estiveron presentes o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, e a concelleira de Educación, Alejandra Bellón.

Estes municipios queren denunciar que están a sufrir un "deficiente servizo" de transporte interurbano e escolar, cun "continuo incumprimento" dos horarios. Tamén sufriron a supresión de paradas sen previo aviso, unha situación que está a provocar as queixas da cidadanía. Ademais, sosteñen que non se está a cumprir o contrato deste servizo, licitado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Concretamente, a nivel escolar en Pontedeume, este problema afecta ao alumnado de bacharelato do IES Breamo. Os estudantes deben de aboar as viaxes na ruta de traslado do seu domicilio ao centro educativo, debido á implantación das liñas integradas neste servizo.

"É inaceptable que os estudantes teñan que pagar por usar este servizo, dado que son menores de idade e teñen dereito a unha educación gratuíta, polo que lle reclamamos á Xunta de Galicia que estableza a súa gratuidade", sinala Alejandra Bellón, concelleira de Educación.

Os usuarios e usuarias das liñas interurbanas tamén están a sufrir as consecuencias dun "deficiente" servizo, con incumprimentos dos horarios nas liñas Ferrol-A Coruña ou Monfero-Pontedeume.

"Dende o goberno local xa impulsamos unha moción no pleno municipal a finais de setembro, co obxectivo de trasladar ó Goberno autonómico as frecuentes demandas dos usuarios e usuarias", engade a edil de Educación de Pontedeume.

Os concellos presentes na reunión quixeron recordar a importancia de ter un transporte público de calidade nesta zona, que permite unir municipios e que a cidadanía acceda a servizos básicos. "Un servizo deficiente, que recorta liñas e paradas, provoca o illamento das zonas e unha peor calidade de vida para os nosos veciños e veciñas", sinalou a responsable de Educación eumesa.

Os municipios implicados nesta xuntanza teñen como obxectivo prioritario neste momento organizar unha estratexia de forma conxunta para reclamar así á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Mobilidade, un servizo óptimo de transporte e a gratuidade do autobús dos nenos e nenas.

Municipal

Remata o acondicionamento do parque de Lombardero

O parque de Lombardero xa ten unha nova imaxe renovada. O Concello de Pontedeume rematou os traballos de acondicionamento e humanización da zona que da acceso á área de xogos e ocio.

En concreto, habilitouse unha nova beirarúa en rampa nunha das entradas ao parque, que se suma ás rampas instaladas nas outras dúas entradas ao recinto, co obxectivo de facilitar a accesibilidade dos carros de bebé, así coma das persoas con mobilidade reducida.

Ademais, reubicáronse os colectores de lixo da entrada principal ao mesmo, mellorando desta maneira a visibilidade no paso de peóns. Tamén se procedeu a pintar tódolos pasos de peóns da avenida de Lombardero.

"Falamos dunha zona moi transitada que necesitaba una renovación, mellorando desta forma o acceso ao parque das familias", afirma o concelleiro de Obras de Pontedeume, Daniel Ríos.

Nesa mesma avenida de Lombardero xa se realizaron nos últimos meses tarefas para instalar alumeado nos pasos de peóns, dentro dun plan conxunto por todo o municipio para estas actuacións. De feito, fixéronse estes días os mesmos traballos no paso de peóns do nucleo de Catro Camiños, na parroquia de Boebre.

"Son traballos e actuacións coas que damos resposta ás demandas veciñais, renovando os parques infantís e de lecer e mellorando a seguridade viaria en todo o concello", engade pola súa parte o alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro.

Unha das pricipais melloras levouse a cabo nos accesos á zona infantil.

Economía

As Pontes destina 80.000 euros para fomentar a creación de empresas

É A SÉPTIMA CONVOCATORIA DO PROGRAMA, QUE CONTARÁ CON AXUDAS DE ATA 2.000 EUROS PARA O EMPRENDEMENTO

As edicións anteriores permitiron apoiar a 84 novos emprendedores e xerar máis dun cento de postos de traballo.

O Concello das Pontes destinará 80.000 euros ás achegas para a creación de empresas, a través dunha nova edición do programa "As Pontes Emprende"

A sétima edición deste programa ten como obxectivo fomentar a actividade económica, incentivar a creación de proxectos empresariais e dinamizar a pequena e mediana empresa, así como as persoas autónomas, ofrecéndolles un apoio.

Esta achega súmase ós 219.077 euros destinados nas edicións anteriores e que permitiron apoiar a 84 novos emprendedores e xerar máis dun centenar postos de traballo en sectores como o da agricultura ecolóxica, o comercio, a hostalaría, a construción, a carpintería metálica ou servizos profesionais.

Ana Pena, responsable de Industria e Emprego, apunta que con esta nova convocatoria, o Concello amosa "unha vez máis" o seu "compromiso coa actividade emprendedora do municipio", adoptando, dentro das súas compentencias, "todas as medidas oportunas para fomentar a capacidade creativa e emprendedora dos veciños e veciñas". Este ano, ademais, ante a complicada situación derivada da COVID-19, o executivo local optou por modificar as bases do programa para poder dar cobertura a un maior número de iniciativas emprendedoras.

Así mesmo, a concelleira fixo fincapé na importancia das persoas emprendedoras na economía local: "son unha fonte de riqueza e un elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido empresarial local. Contribúen ao sostemento da economía local e son xeradores de centos de postos de traballo".

O programa As Pontes Emprende contempla dúas liñas de actuación, ambas cun importe máximo de 2.000 euros. A liña Impúlsate está destinada a sufragar os gastos de alugueiro, mentres que a través da liña Instálate cubriranse os gastos de inmobilizado material e inversión na adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

Estas axudas están destinadas as persoa físicas ou xurídicas, cun proxecto empresarial que teña unha antigüidade máxima de 5 anos.

Economía

Pontedeume participa no segundo obradoiro de emprego 'Ártabroemprende'

Bernardo Fernández participa na clausura da primeira edición.

Pontedeume reforza a súa aposta por impulsar a inserción laboral dos seus veciños e veciñas con actividades formativas. O Concello, en colaboración cos de Miño, Paderne, Cabanas e Monfero, participa na segunda edición do novo Obradoiro de Emprego 'Ártabroemprende' sobre 'Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes' e 'Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais'.

Trátase dun programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas para a obtención de cualificacións profesionais, ao mesmo tempo que desenvolven un traballo produtivo de utilidade pública e interese social.

O obradoiro conta cunha duración de nove meses, nos que os participantes obterán unha retribución económica equivalente ao 100% do salario mínimo interprofesional, engadindo a parte proporcional das pagas extraordinarias correspondentes.

É un programa cofinanciado pola comunidade autónoma de Galicia que conta con dous cursos, de dez alumnos cada un..

As clases teóricas realizaranse no Edificio de Foremdes de Pontedeume e a formación práctica en ubicacións como o paseo marítimo ou o Parque Alcalde Sarmiento. Ademais, o Concello de Miño acolleu a clausura da primeira edición .

"Con este tipo de obradoiros melloramos a empregabilidade dos participantes, que obteñen a cualificación necesaria para optar a postos de traballo; aínda que os concellos non temos competencias directas en materia de emprego, temos que facer todo o posible para axudar á nosa veciñanza", afirma o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández.

Entrevista

NA SÚA SEGUNDA LEXISLATURA COMO ALCALDESA DE NARÓN, MARIÁN FERREIRO ASUME QUE A SAÍDA DA CRISE TEN QUE VIR ACOMPAÑADA DE INCENTIVOS POR PARTE DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS. NESTA PRIMERA METADE DO ACTUAL MANDATO, A MAIOR PARTE DAS POLÍTICAS MUNICIPAIS CENTRÁRONSE EN ATENDER AS DEMANDAS SOCIAIS E REACTIVAR O TECIDO EMPRESARIAL

Marián Ferreiro, alcaldesa de Narón.

"O actual modelo de finanzamento menoscaba a independencia dos concellos"

Esta é a segunda lexislatura de Marián Ferreiro como alcaldesa de Narón á fronte da agrupación Terra Galega, coa que venceu nos pasados comicios de 2019. Un municipio cun forte sector industrial, pero que tamén está a sufrir as consecuencias da crise socio económica propia da comarca.

Como lideresa dun partido eminentemente local e que non conta con representación noutras administracións, fala claro sobre a falla de independencia financieria dos concellos, supeditados en moitos casos ás decisións doutras administracións superiores.

A capacitación das zonas industriais do concello e a humanización de espazos públicos marcarán boa parte da súa axenda política o próximo ano.

Defina con catro adxectivos o primeiro ano desta nova lexislatura á fronte do Concello de Narón
Definiríao como un ano intenso, ilusionante, complexo e esixente.

Esta é a segunda lexislatura como alcaldesa. Foi esta primeira metade da actual lexislatura unha das máis duras como rexedora local?
Estes dous anos de lexislatura foron complicados. A pandemia da COVID-19 fixo que os concellos nos tivésemos que enfrontar a situacións complicadas, asumir en tempo récord medidas en todas as áreas para cumprir as indicacións sanitarias de cada momento.

Todas esas medidas tiñan un obxectivo moi claro, atender as necesidades da cidadanía e axudar aos sectores que peor o estaban pasando neses momentos para minimizar o impacto da crise sanitaria.

Cales foron as principais medidas de goberno que truncou a Covid-19 en Narón?
Máis que truncar, a consecuencia da COVID-19 o Concello tivo que adoptar unha serie de medidas con carácter de urxencia en diferentes áreas: benestar social, económica, servizos...

Destinamos tres millóns de euros ao programa "Narón impulsa" para axudar a empresas e autónomos e autónomas da cidade, adherímonos a un plan provincial con esta mesma finalidade, coordinamos coas empresas medidas para evitar que durante o parón en determinados servizos tivesen que despedir empregados, deseñamos a campaña "Merca en Narón. Facemos cidade" dirixida ao sector comercial, habilitamos partidas extraordinarias para atender a demanda de Servizos Sociais...

Os concellos quéixanse desde hai tempo das competencias impropias que deben asumir. Cre que a pandemia deixou patente que é necesario un cambio no modelo de financiamento dos municipios?
Totalmente. Tivemos que asumir competencias que non eran propias dos concellos, sen axuda económica da administración que tiña esas competencias. Pero este é un tema que, como di, vén de moi atrás porque por exemplo nós financiamos tres escolas infantís municipais que debería financiar a Xunta, construímos os centros para persoas maiores, colaboramos economicamente con case catro millóns de euros para poder ter o novo centro de saúde.

Administracións supramunicipais lexislan para conferir obrigas aos concellos sobre materias da súa exclusiva competencia: medio ambiente, limpeza de montes ou servizos sociais que menoscaban a independencia financeira dos concellos con gastos de persoal ou de contratacións claramente excesivos para as administracións locais. Son medidas que evidentemente temos que acatar pero que deben vir acompañadas de medidas económicas por parte desas mesmas administracións.

Fálase moito das oportunidades que xurdirán a raíz da pandemia, por exemplo coa chegada dos fondos europeos de recuperación. Está chamado Narón a ser un dos municipios que lidere esa reindustralización na comarca?
Ogallá sexa Narón un dos concellos que a lidere. Nós dende o concello continuamos traballando con ese obxectivo porque hai que reverter a situación actual, arrastrada de anos atrás e que urxe dende hai tempo, como xa manifestamos, medidas concretas sobre a mesa co fin de reindustrializar esta comarca.

Que obxectivos se marca de cara ao 2022 unha vez retomada parcialmente a normalidade política e social?
Estamos traballando xa nos orzamentos do vindeiro ano, co fin de aprobalos no mes de decembro e continuar avanzando nos investimentos proxectados como as obras do muíño de Xuvia e tamén outros para dotar á cidade de novos servizos e instalacións.

De cara ao vindeiro ano seguiremos traballando para materializar outros importantes investimentos para a cidade, como a humanización do barrio da Solaina, a senda peonil que enlazará os paseos de Freixeiro e Xuvia, a mellora da accesibilidade en edificios e espazos públicos municipais, a captación de novos investimentos para o polígono do Río do Pozo.

Que lle diría aos veciños e veciñas de Ferrol, Eume e Ortegal que están sumidos nunha especie de resignación ante a situación socioeconómica das comarcas?
Eu diríalles que é certo que estamos atravesando momentos complicados pero que teñan presente que concellos como o de Narón seguiremos facendo todo o que estea nas nosas mans para que a situación económica e social das comarcas retome o pulso.

Non podemos caer na resignación, debemos sumar esforzos e unirnos para reclamar ás administracións supramunicipais que se impliquen dunha vez coa nosa comarca, pero non con palabras, senón con feitos concretos.

"Temos que reclamar ás administracións supramunicipais que se impliquen dunha vez coa nosa comarca"

Entrevista

ÁNGEL ALVARIÑO, ALCALDE DE NEDA, ALBISCA CON OPTIMISMO E CONFIANZA O FUTURO SOCIOECONÓMICO DAS COMARCAS. NESTES TEMPOS NO QUE O INVESTIMENTO EN POLÍTICAS SOCIAIS É UNHA OBRIGA, NEDA PRESUME DE SER O MUNICIPIO MENOR DE 15.000 HABITANTES QUE MÁIS CARTOS DESTINA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. UNHA POLÍTICA QUE O ALCALDE SOCIALISTA QUERE CONXUGAR CON INCENTIVOS PARA ATRAER A MÁIS FAMILIAS MOZAS CARA A VILA

"Aprobar o PXOM é unha necesidade urxente para medrar como vila"

A pandemia da COVID-19 mudou o xeito en que moitos veciños da comarca miraban cara a contorna natural, según puido comprobar o alcalde de Neda, Ángel Alvariño, neste último ano e medio. Como está a suceder con outros municipios situados en zonas máis rurais, Neda está a vivir unha importante chegada de novos habitantes.

Unha situación que está obrigando aos Concellos a adaptar non só a prestación de servizos, senón tamén a disposición do propio territorio. Por iso o rexedor socialista da real vila considera fundamental aprobar un Plan Xeral de Urbanismo que permita a Neda seguir medrando.

Ángel Alvariño, alcalde de Neda.

Defina con catro adxectivos os dous primeiros anos desta lexislatura á fronte do concello de Neda

Evidentemente dura pola pandemia, solidaria por como a afrontamos dende todos os niveis, cohesionada porque todos tiramos nunha mesma dirección e didáctica porque creo que sacamos valiosas leccións para o presente e o futuro.

Cal é a principal acción de goberno que a pandemia do COVID impediulle levar a cabo no primeiro ecuador da lexislatura?

Continuar coa acción do goberno centrada na modernización do Concello e ampliar as medidas tendentes a aumentar e fixar poboación. A prioridade absoluta foron as persoas, atender aos colectivos máis vulnerables e garantir o seu benestar.

Ademais, todas as actividades e proxectos en execución, especialmente en materia de obras, víronse retrasados ou incluso paralizados pola pandemia, aínda que tentamos reconducir a situación sen descoidar en ningún momento o prioritario que, insisto, é atender as necesidades sociais.

Un dos retos que se marcou como alcalde nesta lexislatura foi o de atraer máis poboación a Neda. Cal está a ser o balance deste proxecto?

É un obxectivo de toda a corporación municipal, non só da Alcaldía. Dende todo punto de vista irrenunciable, e no que continuaremos traballando sen descanso. A pesares da alta tasa de mortandade que rexistra Neda cada ano, estamos a constatar a chegada de novos veciños e veciñas e o inicio de novas construcións de vivienda.

E neste contexto, sen dúbida, a aprobación do Plan Xeral de Urbanismo é unha necesidade urxente, sobre todo para ampliar as zonas urbanizables e consolidar a Neda como un municipio atractivo para que as familias establezan aquí a súa residencia e nos elixan para desenvolver o seu proxecto de vida.

Verdadeiramente Neda ten todo o que calquera persoa ou familia precisa, cunha posición privilexiada que nos acerca a todo, polo que o seu potencial é extraordinario.

Qué outros obxectivos márcase de cara ao 2022 unha vez retomada parcialmente a normalidade política e social?

Pois realmente os mesmos que nos guiaron ata o dagora e, entre eles, o principal segue a ser a atención social, especialmente dos veciños e veciñas máis vulnerables. Na provincia da Coruña, Neda é a día de hoxe o primeiro municipio de menos de 15.000 habitantes que máis inviste no servizo de axuda a domicilio, garantindo a atención de maiores e dependentes.

É un municipio que inviste en educación, no que nenos e nenas poden realizar toda a súa etapa formativa dende os cero anos, acudindo á escola infantil, ata o Bacharelato no IES, pasando previamente por Infantil, Primaria e ESO nos 2 centros educativos. É un concello que traballa pola conciliación a través da propia escola infantil e doutros programas como os servizos de madrugadores e comedores escolares. Neda é un concello cunha oferta cultural e deportiva ampla, con actividades ao longo de todo o ano… e nesa liña continuaremos.

> *"Neda ten todo o que calquera persoa ou familia precisa, cunha posición privilexiada que nos acerca a todo"*

Tamén traballaremos para seguir ampliando o acceso da veciñanza a servizos básicos como a rede de saneamento que, inexplicablemente no caso de Neda e a diferencia do resto de concellos da ría, está incompleta. De igual xeito, daremos continuidade ao Plan Viario Municipal, que permitiu aglomerar ata o momento o 90% de viais, camiños e pistas municipais, porcentaxe que queremos chegue ao 100%. Poremos en marcha novas actuacións de eficiencia enerxética, sobre todo no que ao alumeado público se refiere, e profundizaremos na modernización do propio concello, co claro obxectivo de facelo día a día máis accesible para a veciñanza.

E, como diciamos anteriormente, un dos obxectivos irrenunciables para revertir a tendencia demográfica, será a aprobación do Plan Xeral de Urbanismo.

Os concellos quéixanse desde hai tempo das competencias impropias que deben asumir, é necesario un cambio no modelo de financiamento dos municipios?

Rotundamente si. Trátase dun debate que vén de antigo e que é preciso afrontar xa. Son moitas as actividades do día a día que os concellos desenvolven asumindo competencias que non lle son propias, incluso con informes contrarios por parte dos servizos xurídicos e de intervención. Pero como representantes municipais, e ante unha necesidade a veces incluso vital dos nosos veciños e veciñas, ¿que facemos? Ao final, aplicar o sentido común, cubrir a necesidade e asumir o custe do servizo.

Fálase moito das oportunidades que poden xurdir por mor desta crise, cal ou cales cre que serán as que poderá aproveita Neda?

Eu creo que esta pandemia provocou un cambio sen retorno a nivel social e tamén individual. Vivíamos de costas á contorna natural e rural e agora mirámola de fronte.

Penso que o confinamento fíxonos valorar máis a liberdade que dá vivir nun entorno natural, e isto levou e está a levar a moita xente a fixar a súa residencia en vilas como Neda. Un municipio cómodo, con servizos, a un paso de todo, no que o nivel de vida é alto pero non custoso, e cun territorio espectacular. E neste contexto, o Concello debe continuar ampliando servizos para aproveitar esta tendencia.

Cómo ve o futuro de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

Con moito optimismo, e esperemos que a carga de traballo volva a Ferrolterra, para que os nosos mozos e mozas non teñan que emigrar a outros lados.

E coa confianza posta en que o traballo conxunto que estamos a realizar os concellos da comarca nos permita avanzar na configuración dun mellor escenario que consolide a nosa zona como un lugar atractivo para que os nosos veciños e veciñas desenvolvan aquí o seu proxecto de vida.

Colaboración

Algunhas consecuencias da pandemia COVID

Despois de superar a profunda crise económica mundial que derivou nunha Gran Recesión a partir do 2008, e da que saímos moi danados, con grandes desigualdades sociais, con moita xente que perdeu o emprego, ou co peche de moitas empresas, ninguén podía esperar que en breve espazo de tempo un virus ía paralizar a Economía Mundial, ademais de xerar 4,5 millóns de mortos COVID, e sumirnos a toda a poboación mundial nun tempo de medos e incerteza ante unha situación totalmente descoñecida.

Menos mal que empezamos a ver o final do túnel logo de dous anos moi duros, aínda que quedan moitos países que van con moito atraso na vacinación da poboación, refírome aos países menos desenvolvidos, e que necesitan un esforzo de solidariedade dos países ricos para poder estender a vacinación a toda a súa poboación. Se algo estamos a sacar en limpo desta crise é que somos moi interdependentes a nivel mundial e os riscos propáganse de forma moi rápida, sen importar países ou fronteiras.

Se queremos saír desta situación, non se pode deixar a ninguén atrás.

A pandemia ademais de sementar o caos e levar por diante tantas persoas falecidas e millóns de infectados, trouxo consigo un incremento das desigualdades sociais, e un aumento das persoas que padecen extrema pobreza, derivado do parón da actividade económica e social.

Pero, doutra banda, está a ter outras repercusións importantes como a revalorización da ciencia e o coñecemento, ao poder observar como nun tempo récord, a cooperación científica internacional do sector público e privado, conseguían varias vacinas moi eficaces contra o virus. Ademais, aumentou a percepción da importancia do sector público como actor principal da economía, e a necesidade de aumentar o investimento en sectores craves como a sanidade, a educación e a investigación.

Neste contexto pospandemia cobra unha maior importancia darlle un forte pulo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) ou Axenda 2030, que baixo o amparo da ONU asinaron preto de douscentos países, coa finalidade de que no período 2015-30 puidésense alcanzar os 17 obxectivos globais fixados e as 169 metas en que se desenvolven.

O obxectivo máis urxente consiste na erradicación da fame crónica e a extrema pobreza que segundo o Banco Mundial pode estar a afectar xa a 850 millóns de persoas no planeta, dos cales 150 millóns engadíronse recentemente por efectos da pandemia.

Para lograr os ODS é preciso que se produzan grandes transformacións en ámbitos como a educación, os servizos de saúde e benestar, o combate contra o cambio climático potenciando o uso das enerxías renovables e a descarbonización, a sustentabilidade e seguridade nas cidades, a revolución dixital, ou o uso sostible da auga, terra, e océanos.

España conseguiu vacinar á gran maioría da poboación cunha eficacia recoñecida internacionalmente, pero que obrigou a efectuar gastos extraordinarios en saúde e no apoio a persoas e aos sectores económicos máis golpeados pola pandemia. Enfrontámonos a curto prazo cunha situación económica, que está recuperando os niveis de emprego e de crecemento económico previos á crise, máis lastrada pola forte subida dos prezos enerxéticos ou con problemas no abastecemento dalgunhas materias primas e compoñentes necesarios para impulsar a produción das empresas.

Pero non cabe dúbida de que a chegada dos fondos europeos que a UE pon ao dispor dos países comunitarios para paliar os efectos do COVID e o seu uso eficiente a favor do desenvolvemento económico ten que ser a lanzadeira para saír desta situación, corrixir as desigualdades sociais, non deixando a ninguén atrás, e ir concretando no noso país os obxectivos da Axenda 2030.

Esa é a esperanza que nos queda para tratar de superar esta etapa de incerteza na que nos movemos.

SINDO VILARIÑO

Colaboración

Banda sonora vital

Catro da tarde, comida con amigas nun restaurante de moda. Comida rica, pero estándar, nada que obxectar pero tampouco ningún prato fascinante. Xa de sobremesa, entre risas e chopos de licores varios, chega a revelación.

Comeza a soar de fondo unha música por todas recoñecida, moi lixeira ao comezo, pero que a medida que sobe de volume por parte do camareiro do local, de repente miradas telepáticas saben que iso vai a acabar en cántico en grupo a pleno pulmón. Si, si, si! As voces comezan a acompasarse con movementos tímidos para pasar logo ao baile frenético, iso si, con máscara e distancia interpersoal incluída.

Pero non importa porque é tan grande o que está pasando nese intre, é tan importante a conexión que se establece nese momento entre todas nós, que o único valioso é que esa canción forma parte da nosa banda sonora vital, da banda sonora en plural feminino.

O resto de mesas anímanse e o local vense arriba, sen máis; debe ser que esa melodía non só é a nosa banda sonora, senón un himno de moitas persoas máis, pura maxia.

Remata a canción e volvemos á calma con miradas que se apertan dende a distancia, que transmiten todo o vivido, pero o máis importante, o que nos queda por vivir como colectivo, como amigas, como comunidade.

Seguro que ti que estás lendo isto tes a lo menos unha decena de cancións que forman parte do teu repertorio particular, que son especiais, que che conectan con persoas, lugares, aromas... Que algunhas son compartidas con outra xente, pero que outras son intimamente túas, propias.

Estas melodías son "sanadoras", algunhas serven para os momentos de éxtase, de festa, de encontro; outras serven para momentos de calma, de reflexión; e outras para momentos de tristeza, de abatemento, de derrota. Pero nos salvan, porque nos sitúan con ese estado de ánimo noutro espazo e noutro tempo, e curan feridas; as abertas, as que sangran, pero tamén as que están a piques de cicatrizar.

Alguén que non recordo dixo unha vez que a música é vida, e non podo estar máis de acordo. Non só é vida, senón que consegue devolver á vida incluso ás persoas que parecen estar desconectadas da mesma.

Con música pacientes con demencias ou Alzheimer son capaces de reconectar, de activar esa memoria biográfica que tarda máis en desvanecerse. Tamén hai estudos científicos que avalan que persoas que se encontran en estado de coma vense favorecidas porque preto súa exista unha melodía agradable. Sabemos tamén que os bebés no ventre materno desfrutan escoitando música.

Non é, polo tanto, casualidade. A parte máis emocional do noso cerebro necesita música, é un proceso evolutivo. O homo sapiens de fai 8.000 anos construíu con ósos de aves un instrumento similar a unha frauta, a través da que conectaba melodía, movemento e emoción.

Polo tanto, construamos bandas sonoras compartidas e propias para seguir evolucionando.

MARTA PIÑEIRO

Colaboración Portorosa

Menos versos

Pode que repararan vostedes estes días, ao abrir o Whatsapp, o Facebook ou o Instagram, que, no canto de recibilos a mensaxe que anunciaba que todo aquelo pertencía á empresa Facebook, aparece outra: *From Meta.* E, se para vostedes, como para min, a actualidade ás veces semella unha dimensión lonxana coa que non hai máis que algún contacto difuso moi de cando en vez, ao mellor non saben que pasou, ou pensan que alguén compraría todo aquelo. E non.

Estes días cruzáronseme varios artigos sobre internet, as redes sociais e o camiño polo que marchan, o escenario futuro probable. O máis completo viña no boletín de Tecnoloxía do xornalista Jordi Pérez Colomé, de *El País,* que cada semana da un repaso das últimas novas dun eido que, interésenos ou non, nos inflúe cada minuto do día. E unha das cousas das que falaba era o flamante metaverso. O termo metaverso foi acuñado xa en 1992 polo escritor Neal Stephenson na súa novela *Snow Crash,* e vería ser un entorno virtual onde relacionarse cos demáis e facer como mínimo todas as cousas que se fan na rede actual, pero dun xeito inmersivo, disque. É dicir, a través dunha experiencia física que, grazas a aparellos coma traxes intelixentes ou gafas virtuais, chegaría a ser, sensorialmente, bastante semellante á real. Se viron a película *Ready Player One,* xa lles soa.

Pois o metaverso está agora mesmo na boca de todos, porque Mark Zuckerberg, o fundador e CEO de Facebook, o sinalou como o seguinte gran paso de internet. E, para que quedara clara a súa aposta, cambiou o nome da compañía tecnolóxica: agora a súa empresa chámase Meta Platforms. O futuro dixital xa está definido e ten nome, e comezou a carreira por facelo realidade.

Pero o artigo de Colomé daba uns datos abraiantes sobre esta evolución, da que a realidade virtual sería só o derradeiro -polo momento- paso. En concreto, sobre a porcentaxe de tempo pasado na realidade física fronte ao empregado na virtual. Partindo dos tempos da radio e pasando pola chegada da televisión, dos ordenadores, de internet, dos móbiles e das redes sociais ata chegar, en nada, ao metaverso. As cifras ían dun 15% de virtualidade nos tempos da tele, ata aproximadamente un 50% actual, nas xeracións máis novas. É dicir: a vida física, na rúa, na casa, coa familia, no colexio, e con contacto físico cos demáis, supón só a metade da experiencia vital. A outra metade desenvólvese tras unha pantalla. E, naturalmente, os augurios son que coa chegada e expansión do "meta", cando a fronteira desa pantalla desapareza, esa fracción baixe ata ser mínima, porque a vida toda, o que importe, o que conte, o que interese, estará nesa outra dimensión proporcionada pola tecnoloxía.

A min, pensar nunha realidade virtual nun 90% non me suxire novas posibilidades, aínda que esas posibilidades existan. Nin me parece unha oportunidade para coñecer e relacionarse, nin un terreo para a aprendizaxe e o intercambio. Será que a decepción coas redes sociais deixou as cousas tristemente claras. No que me fai pensar é, sobre todo, e paradoxalmente, en desconexión. Nunha desconexión dos problemas favorecida por uns mundos pechados deseñados á nosa medida. E tamén en vacuidade, en perda de tempo. E, claro, nun salto espectacular na capacidade de controlarnos: ideas, gustos, votos, compras, referencias, desexos, temores, etc.

Ás veces, constatar que vai pasar algo, algo que temíamos, déixanos desarmados, como se a realidade nos quitara a razón. Se ocorre algo, parece que os que o rexeitabamos quedamos desautorizados. Como se non entendésemos o mundo. E non é certo: que as cousas sucedan fainas reais, non boas.

Municipal

As Pontes executa obras de renovación da contorna do poboado da Magdalena

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou as obras de mellora da contorna do poboado da Magdalena. Explicou que "o Concello executa estes traballos, de forma periódica, co obxectivo de atender ao correcto mantemento do patrimonio municipal, así como dos viarios públicos. Con estas actuacións buscamos continuar mellorando a accesibilidade, a mobilidade e a seguridade viaria na nosa vila".

Os últimos traballos no poboado da Magdalena consistiron no lavado a presión dos pavimentos e no frisado das lastras nas zonas de tránsito rodado, tarefas que se complementaron con traballos de desborce das zonas axardinadas e a limpeza dos bordos dos viarios.

O rexedor local lembrou que esta actuación "se suma ás levadas a cabo no poboado durante o último ano e que permitiron a reurbanización da praza da Magdalena mediante a creación de zonas verdes e unha área de xogo infantil, co obxectivo prioritario de recuperar o espírito orixinal da praza e o seu carácter como punto de encontro dos veciños e as veciñas".

Así mesmo procedeuse á renovación dos aparcadoiros, do que limita coa rúa Mañón e do localizado ao carón da rúa Fene e acometéronse traballos de mellora dos servizos públicos que permitiron a renovación do alumeado público coa instalación de luminarias con tecnoloxía led, de maior eficiencia enerxética, e a substitución e reparación do mobiliario urbano.

Por outra banda, avanzou que proximamente "comezará a primeira fase de mellora de conservación do pavimento nas zonas peonís que cun orzamento de 18.150 euros permitirá a aportación dun revestimento antiescorregadizo para aumentar a seguridade na zona e evita incidentes por mor da choiva ou da xeada".

Sociedade

Veciños e veciñas de Pontedeume fan o Camiño Inglés.

Pontedeume organiza o Camiño Inglés por etapas

O Concello de Pontedeume está a organizar o I Camiño Inglés por etapas. Comezou o 24 de outubro dende o Porto de Curuxeiras de Ferrol e finalizará coa chegada a Santiago de Compostela o 21 de novembro.

A actividade lévase a cabo tódolos domingos. O Conce facilita autobuses para o desprazamento a cada un dos inicios de etapa e regreso a Pontedeume tras finalizar cada un dos traxectos. Hay 50 prazas, pero é necesaria a inscrición previa na Oficina de Turismo. O apuntamento en cada unha das etapas é independente.

Na primeira e segunda etapas, xa completadas, os participantes partiron da cidade departamental e chegaron camiñando ata o Torreón dos Andrade, bordeando toda a ría durante unha etapa de máis de 30 quilómetros. O seguinte tramo fíxose ata Betanzos.

Un guía oficial de turismo deu conta dos detalles patrimoniais, históricos e naturais da etapa. Tamén acudiu persoal de apoio. Os participantes recibirán a compostelá.

Sociedade

Acompañamento emocional para mozos de Cabanas e Pontedeume

A NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA DESENVÓLVESE EN COLABORACIÓN ENTRE ÁMBOLOS DOUS CONCELLOS

Haberá intervencións individuais e grupais.

Os Concellos de Cabanas e Pontedeume informan de que durante este curso escolar reiníciase o Programa de acompañamento emocional á mocidade, no marco do "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas aditivas no eido local dos concellos de Pontedeume e Cabanas".

Trátase de intervencións individualizadas para acompañar á mocidade creando espazos de bo trato e crecemento persoal, co obxectivo de identificar e derivar posíbeis situacións que precisan acompañamento individualizado, con base na terapia familiar sistémica e na educación emocional cunha perspectiva holística da persoa.

Tamén existe a posibilidade de levar a cabo intervencións grupais entre perfís semellantes ou con algún grupo, sempre coa finalidade de mellorar o traballo individual centrado na persoa.

Todos aqueles mozos ou mozas que queiran recibir máis información sobre esta iniciativa poden dirixirse ós servizos sociais do Concello de Cabanas, ou ós de Pontedeume, tanto por teléfono como por correo electrónico.

Sociedade

Monfero organiza unha andaina contra a violencia de xénero

O Concello de Monfero organizará para o próximo 21 de novembro unha andaina solidaria e contra o machismo para render homenaxe ás vítimas con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o 25 do mesmo mes.

A marcha sairá dende a Cámara Agraria ás 10:00 da mañá e os participantes terán a opción de escoller entre un dos dous itinerarios posíbeis. Un dos tramos ten catro quilómetros e o outro, máis longo, chegará ós dez.

As persoas interesadas poden pedir máis información no departamento de servizos sociais do Concello de Monfero.

O goberno local destacou que se trata dunha "sinxela" andaina para una "importante" causa.

Servizos

González Formoso pide "protagonismo absoluto" no fondo de Transición Xusta

A central de Endesa retomará temporalmente a actividade en novembro.

O presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, esixiu que o concello do que é rexedor e o de Cerceda teñan "protagonismo absoluto" no Fondo de Transición Xusta para paliar as consecuencias naquelas rexións máis dependentes dos combustibles fósiles.

Durante unha rola de prensa na Coruña, González Formoso aseverou que "non aceptarán" que os fondos se invistan "nunha localidade distinta á que sufriu o impacto". O rexedor asegurou que pedirá unha reunión á Xunta para que non haxa "unha inxustiza" e afirmou que isto era un "aviso a navegantes".

O seguinte paso que marcou o alcalde é delimitar as zonas das concas afectadas de "maneira consensuada". Para iso, faranse novos estudos que se unirán aos xa realizados.

Se ben recoñeceu que o criterio da Unión Europea indica que o impacto vai "máis alá" de fronteras locais, pediu que o espazo subvencionado se marque con "sentido".

Servizos



O 'Greencities' celebrouse en Málaga os días 29 e 30 de setembro.

Cabanas participa no foro Greencities de sostibilidade

O Concello de Cabanas participou por primeira vez no 'Greencities", foro de intelixencia e sostibilidade urbana, celebrado os días 29 e 30 de setembro en Málaga. Trátase dunha das citas de referencia a nivel internacional, que reúne anualmente a concellos, profesionais e empresas implicadas no desenvolvemento de territorios sostíbeis, eficientes e conectados, ofrecendo unha perspectiva global dos desafíos e oportunidades da xestión urbana.

O Greencities celébrase conxuntamente con "S-MOVING, Movilidad Inteligente y Sostible", co obxectivo de reforzar o papel da mobilidade como eixo fundamental na estratexia cara unha administración máis intelixente, unido a outros campos de actuación como a gobernanza, a participación cidadá, a innovación social, a financiación ou o impacto dos destinos turísticos intelixentes.

A participación de Cabanas enmárcase no obxectivo do goberno local de implementar solucións de vila intelixente.

Coidados

O Concello das Pontes coida ás persoas que coidan

O PROGRAMA **"CUIDADANAS"** E O TALLER **"SUPERAMOS A COVID-19"** SON ALGUNHAS DAS INICIATIVAS POSTAS EN MARCHA PARA DAR ÁS COIDADORAS ATENCIÓN EMOCIONAL

O pasado venres 5 de novembro celebrouse o Día Internacional das Persoas Coidadoras para conmemorar o labor de todas aquelas persoas que se adican ao coidado doutros individuos, xa sexa por motivos de idade, enfermidade ou porque se encontran en situación de dependencia. Trátase dun gremio que viu incrementado e complicado o seu traballo desde que comezou a crisis sanitaria polo peche dos dentros de día e o deterioro dos maiores que atenden.

Co obxectivo de facilitar estos coidados, o Concello das Pontes implementou nos últimos anos diversos programas de atención emocional e axuda e estas traballadoras que, na súa maioría, son mulleres. Exemplo deste compromiso é o programa "Cuidadanas", organizado pola Fundación Mujeres co finaciamento da Deputación da Coruña, que xa vai pola súa terceira edición e rematará a finais de novembro.

A través desta iniciativa, o goberno municipal busca ofrecer ás coidadoras informais da vila un recurso de orientación, acompañamento e apoio, tanto a nivel emocional, formativo e social co propósido de contribuír a mitigar o impacto derivado do coidado de persoas en situación de dependencia.

Este programa, a través de diferentes obradoiros, afonda en aspectos como a xestión das emocións, poñendo á disposición das participantes unha serie de ferramentas encamiñadas a minimizar as problemáticas derivadas do coidado de persoas dependentes, a relaxación a través da respiración, a alfabetización dixital ou proxecto vital a través do que as participantes obterán claves para mellorar a súa saúde e autocoidado, orientada a paliar os riscos de saúde asociados ás malas prácticas e hábitos prexudiciais en relación ás tarefas que desenvolven.

Este é o terceiro ano consecutivo que as coidadoras pontesas reciben ese impulso, pois xa en 2019 se beneficiaron dos obradoiros "Quen coida de min", para mellorar a saúde e o autocoidado; "Aprendendo a Negociar", sobre relaxación e conciencia corporal, e un último curso sobre a xestión da culpa.

Tamén no 2020, aínda que a situación sanitaria non era sinxela, o Concello viu como esencial atender á saúde mental das mulleres dedicadas aos coidados e celebrouse a segunda edición deste ciclo con catro talleres que afondaron en conceptos como a escoita activa e a solución de conflictos de xeito non directo.

Precisamente pola pegada da pandemia, o goberno local puxo en marcha a iniciativa "Superamos a Covid-19", coa fin de contribuír a paliar os efectos emocionais, promover a adaptación persoal e social á nova situación e, por extensión, mellorar a calidade de vida da veciñanza. Incluiu intervencións individuais coas persoas usuarias orientadas ao fortalecemento persoal das mesmas e outros obradoiros sobre o desenvolvemento da resiliencia, autoestima e a xestión do tempo.

O pasado venres 5 de novembro celebrouse o Día Internacional das Persoas Coidadoras

"Queremos crear un servizo de atención a coidadoras permanente"

O Concello das Pontes está comprometido coas persoas coidadoras. As ferramentas implementadas para apoialas son ideadas polo departamento de Benestar Social e igualdade que dirixe Tania Pardo, quen está en permanente contacto cas mulleres da vila.

Que busca o Concello cas iniciativas para personas coidadoras?
Todas as accións que levamos a cabo pretenden mellorar a calidade de vida e a saúde das coidadoras informais. Queremos poñer a disposición destas mulleres unha serie de ferramentas para minimizar o impacto dos coidados.

A súa situación non é sinxela.
É complicada. As coidadoras, que son na súa maioría mulleres, sempre se centran na persoa dependente e esquécense do propio autocoidado. Iso, unido á insuficiencia de recursos de conciliación, fai que esa carga sexa maior.

Como repercute o coidado dun dependente na saúde da persoa?
Aparecen moitos problemas de ansidade, de estrés, o que chamamos a culpa. Ademais, tamén se dan doenzas físicas.

A pandemia empeorou as súas condicións?
A covid-19 afectoulles o dobre que ás demais persoas. O feito de estar as 24 horas do día coa persoa dependente sen centros de día duplicoulles a carga, tamén a nivel emocional.

Que poden facer as administracións públicas para mellorar a situación?
Facilitalos recursos sociosanitarios necesarios. As horas de axuda a domicilio son claramente insuficientes. Ademais diso, este tipo de obradoiros debería ser algo permanente no tempo, con recursos de atención a nivel emocional. É moi difícil, pero pódese facer. Proporcionarlles ferramentas é fundamental.

Dende o Concello das Pontes estúdase algunha outra iniciativa?
A nosa intención é crear un servizo de atención a persoas coidadoras. Serán diferentes obradoiros nos que se traten temas que lles poidan interesar, pero de maneira permanente. Será a continuación de "Cuidadanas", durante todo o ano. Poñerémola en marcha cando remate este programa.

Tania Pardo, concelleira de Benestar Social e Igualdade de As Pontes.

Patrimonio

As Pontes recupera o seu patrimonio inmaterial

O Concello das Pontes puxo en marcha, coa colaboración do Ministerio de Cultura, un proxecto de participación cidadá chamado "Lembranzas do Eume" para a recuperación do Patrimonio Cultural Inmaterial local, que conforma a identidade do municipio.

"Buscamos recoller e recordar aspectos que teñen que ver coas expresións e tradicións que herdamos dos nosos antepasados, como poden ser as formas de socialización para os traballos e para as festas, os saberes tradicionais ou narración orais que se foron transmitindo de xeración en xeración e que forman parte do noso patrimonio cultural inmaterial e explican quen somos", sostivo a concelleira de Turismo e promotora da iniciativa, Elena López.

Antiga feira das Pontes.

Algúns dos aspectos que se recollerán a través deste proxecto estarán relacionados, por exemplo, cos usos socias e festivos, costumes en relación a datas como o Nadal ou o Entroido, os folións de San Xoán, romarías e festas patronais así como saberes tradicionais relacionados cos oficios, formas de socialización colectiva arredor de traballos como a sega, a malla, as muiñadas ou cuestións relativas ao coñecemento da natureza como poden ser as plantas medicinais.

A recompilación levarase a cabo a través dun proceso participativo no que as asociacións e entidades veciñais e culturais das parroquias pontesas serán un piar fundamental, xa que colaborarán nas identificacións de aspectos e cuestións que conforman o patrimonio cultural e inmaterial das Pontes. Este proxecto contará cunha parte dedicada ás persoas maiores depositarias da memoria oral, que serán entrevistadas.

Medio Ambiente

Monfero súmase á compostaxe doméstica de Sogama

O Concello de Monfero adheriuse ao Programa de Compostaxe Doméstica de Sogama. Deste xeito, dispoñerá de 25 composteiros para ceder o seu uso á veciñanza interesada. O autocompostaxe é un exemplo da efectividade da economía circular, pois é unha práctica que evita que a materia orgánica xerada nos fogares acabe depositada no contedor verde e dálle unha segunda oportunidade como un novo material.

Con este programa recupérase unha práctica tradicional no rural galego, pero dunha forma máis moderna, cómoda e hixiénica; conseguindo un abono natural de alta calidade que regresa ao chan en forma de nutriente.

O un curso de formación impartiuse na Cámara Agraria o 15 de outubro. Técnicos de Sogama desprazáronse ata a vila para ensinar esta práctica. Todos os interesados están empadroados en Monfero e teñen cun terreo, horta ou xardín, no que aplicar o compost.

Sanidade

Os concellos do Eume esixen á Xunta optimizar a Atención Primaria

Os alcaldes dos concellos de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro; Cabanas, Carlos Ladra Lage, e Monfero, Andrés Feal Varela, mantiveron o luns 18 de outubro unha reunión no Concello de Pontedeume para falar da "preocupante" situación da Atención Primaria nestes municipios.

Nos tres concellos recolleron nos últimos meses numerosas demandas e reivindicacións dos seus veciños e veciñas en relación á situación nos centros de saúde e Puntos de Atención Continuada (PAC).

En aras de garantir unha asistencia sanitaria estable e dotada dos recursos humanos e materiais precisos, desde os concellos de Pontedeume, Cabanas e Monfero enviáronlle un escrito ao conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, Julio García Comesaña, coas principais demandas e peticións.

A nivel xeral, os alcaldes solicitan "retomar a atención presencial nos centros de saúde de Pontedeume, Cabanas e Monfero, limitando as consultas telefónicas aos trámites para as que foron creadas".

En Pontedeume, demándase ao Goberno galego "cubrir de forma definitiva e estable a praza de pediatría de tarde no PAC, evitando os constantes cambios e ausencias na cobertura desta praza que se veñen sucedendo dende hai anos, coas consiguintes molestias para pais, nais e menores".

Os alcaldes de Cabanas, Carlos Ladra; Monfero, Andrés Feal, e Pontedeume, Bernardo Fernández, reúnense.

A segunda petición é, segundo indica o Concello, "cubrir de inmediato a baixa do médico de tarde, que se prolonga xa desde hai moito tempo".

Dende Cabanas solicitan "renovar as instalacións, anticuadas e sen as consultas suficientes para poder atender á poboación", así como garantir médicos con praza fixa no centro de saúde para mellorar a asistencia". Cabanas comparte os problemas con pediatría de Pontedeume, xa que ambos concellos teñen o mesmo servizo.

En Monfero pídese "repoñer a praza dun dos médicos no menor tempo posible e de xeito estable, xa que se atopa vacante tras unha xubilación. O concello conta cunha soa médica de xeito estable e a outra praza cúbrese de forma provisional dous ou tres días á semana".

"Á marxe destas peticións concretas, nos tres concellos somos testemuñas do deterioro da asistencia asistencial, a pesares da gran labor dos profesionais de medicina e enfermería, polo que demandamos de forma urxente unha maior dotación de medios humanos en materiais nos nosos centros de saúde", sostén Bernardo Fernández.

Plan Único POS+

CANDO MELLORAS A VIDA DAS PERSOAS, NÓTASE NA CARA.

Parques infantís, humanización de rúas e espazos públicos, melloras en centros educativos e deportivos municipais, creación de zonas verdes, beirarrúas e carrís bici, saneamento e abastecemento de auga en núcleos rurais, novos sistemas de alumeado público...

Estas son algunhas das máis de 2.700 obras e servizos que o Plan Único da Deputación da Coruña impulsa moi preto de ti.

Un Plan transparente e útil, que chega a todos os concellos da provincia e que agora, ademais, inclúe un Fondo Social de 14 millóns de euros para apoiar os colectivos máis vulnerables.

Un Plan Único co que a Deputación está máis preto das persoas mellorando a súa calidade de vida.

dacoruna.gal

Deputación DA CORUÑA

Especial Rede Provincial de Espazos de Traballo

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González, visitou este mes de outubro o recén estreado coworking da Capela, que xa conta con preto dunha ducia de emprendedores.

O OBXECTIVO DESTA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABALLO É DINAMIZAR A ACTIVIDADE EMPRESARIAL, FORTALECER O TECIDO PRODUTIVO A NIVEL LOCAL E IMPULSAR PROXECTOS DE TRABALLO COLABORATIVOS

O grupo provincial socialista na Coruña ten impulsado nos últimos anos diferentes iniciativas para reforzar creación de empresas e o apoio a emprendedores no ámbito local, na contribución á dinamización e consolidación da actividade empresarial e o fortalecemento do tecido produtivo a nivel local.

Así, logrouse que a través do Plan de Emprego Local PEL-Reactiva da Deputación da Coruña se crearan dúas axudas específicas para este fin.

Unha é a convocatoria anual de axudas para a promoción de espazos de traballo (viveiros de empresas, centros de negocios e coworking) que dinamicen a actividade empresarial e fortalezan o tecido produtivo a nivel local. E outra de apoio á creación e posta en marcha dun proxecto piloto de traballo colaborativo (coworking) xestionado pola Deputación en colaboración cun concello da provincia.

O que se pretende é que ambas liñas de axudas sirvan de instrumento para a creación e posta en marcha da Rede Provincial de Espazos de Traballo, que aglutina distintos espazos de traballo localizados en concellos da provincia (viveiros de empresas, centros de negocio e coworking).

O obxectivo principal desta rede é establecer uns mecanismos de coordinación e colaboración na prestación de servizos a empresas e emprendedores entre os distintos espazos que formen parte dela.

A rede está formada por concellos que ou ben necesitan dispoñer de instalacións para a creación de espazos de traballo, xa sexan viveiros de empresas, centros de negocios ou espazos de coworking, ou ben aqueles que xa conten con algún destes espazos creados e precisen apoio para o seu funcionamento e dinamización.

A rede pretende funcionar de xeito eficiente e autosuficiente, de maneira que as distintas sedes presten un servizo eficaz e coordinado non só no concello no que se empracen, senón tamén en concellos circundantes, ben atendendo aos límites administrativos da comarca, ben atendendo a outros criterios de eficiencia.

En definitiva, preténdese crear unha rede de espazos traballo con sede en diferentes concellos nos que se ofreza de forma eficiente un servizo público orientado ás persoas emprendedoras e ás empresas, sendo primordial o fomento do emprego e a posta en marcha de novos negocios en sectores estratéxicos.

A rede de coworkings, un novo pulo á creación de emprego

Fomentar o traballo colaborativo

O coworking é un espazo de traballo común destinado á instalación de profesionais de diferentes sectores, autónomos e emprendedores para o desenvolvemento dos seus proxectos. Os profesionais comparten o mesmo espazo, fomentando así as sinerxias, a economía social e colaborativa e o espírito de comunidade.

Esta forma de traballar implica o aluguer dun posto de traballo individual nunha zona colectiva con acceso a internet e outros servizos e prantéxase como a solución ideal para aqueles profesionais e autónomos, freelancers ou microempresas que queren evitar o illamento con todo o que conleva.

O aforro de custos e as sinerxias, son sen dúbida as principais vantaxes dos espazos de coworking, así como a flexibilidade e conciliación.

A rede quere apoiar ás empresas e emprendedores que desexen acceder aos espazos de coworking da rede para o desenvolvemento da súa actividade.

Apoiar a creación e consolidación de empresas

Mediante a instalación de empresas de nova creación nos viveiros de empresas, co obxecto de contribuír a súa viabilidade a través da disposición de instalacións e a prestación de servizos a baixo custo, e mediante a instalación de diferentes empresas e profesionais que así o desexen nos centros de negocios existentes para beneficiarse das súas vantaxes.

A rede darase a coñecer a todos os concellos, que a través dos seus servizos de emprego e desenvolvemento local promocionarán a rede e os seus servizos, informando a potenciais usuarios e derivando ás persoas interesadas aos espazos de traballo máis axeitados para o desenvolvemento do seu proxecto empresarial ou para a realización da súa actividade.

De interese

Que servizos ofrecen?

Os espazos de traballo facilitan os servizos que un proxecto ou traballador dixital precisa: acceso a internet de alta velocidade, zonas de traballo, reunión e eventos e áreas de lecer. Adicionalmente ofrecen apoio e asesoramenteo aos coworkers, organización de eventos e formacións e actividades de networking. Dentro da rede hai espazos especializados en diversos sectores (arquitectura, agroalimentaria, audiovisual, tecnoloxía,...).

Quen pode traballar nestes espazos?

Os espazos están adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña. Os seus servizos están dirixidos a personas emprendedoras (en fase de idea ou proxecto) e novas empresas (personas físicas ou xurídicas con menos de 2 años). As solicitudes son xestionadas por cada un dos espazos de traballo.

Como podo solicitar o acceso como coworker?

Cada espazo de traballo xestiona as súas solicitudes e define o procedemento de acceso ao mesmo. De forma xeral, as solicitudes realízanse a través do rexistro oficial do concello correspondente a cada espazo ou da Deputación Provincial de A Coruña o caso do Pazo de Arenaza.

Estas solicitudes soen estar compostas por unha instancia de solicitude, acompañada de documentación acreditativa correspondente, máis dunha memoria na que se describe a idea ou proxecto que pretende desenvolver a persoa ou equipo emprendedor que realiza a solicitude.

Qué é o campus virtual?

O Campus é un espazo compartido e de coñecemento da Rede aberto tanto aos membros da mesma coma a participantes habituais dos eventos que se celebran nos diferentes coworkings que forman parte da Rede.

O obxetivo do mesmo é facilitar o acceso a contidos formativos e a algúns dos eventos en directo ou diferido levados a cabo en calquera dos espacios da rede, de xeito que o número de beneficiarios dos mesmo sexa máis amplo e que na medida do posible, os contidos perdurenno tempo para ser aproveitados por novos coworkers e persoas interesadas.

Tódolas persoas membro dos espazos así como as **personas alleas aos mesmos e membros das súas comunidades** que teñan interese nas temáticas tratadas, poderán acceder aos contidos do Campus. O **acceso** realizase mediante un login específico, sendo requisito previo rexistrarse como usuario no propio Campus.

Campus virtual da Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación.

Especial Rede Provincial de Espazos de Traballo

A Fusquenlla, un coworking de transformación alimentaria

No concello de Moeche a Deputación financiou o proxecto para o equipamento dun Obrador de Conservación de Produtos Agroalimentarios e así naceu A Fusquenlla. Trátase dun centro de apoio ao desenvolvemento rural orientado á transformación alimentaria de produtos do agro.

Para a rehabilitación e o acondicionamento deste novo espazo de traballo colaborativo destináronse un total de 157.162,35 euros, dos que 103.545,99 euros (o 65% do total) foron financiados pola Deputación.O proxecto contou coa colaboración dos concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño

Un espazo para a elaboración de conservas vexetais de horta e froita, cogomelos, zumes, marmeladas, mel, etc. A idea é que as pequenas explotacións e particulares da zona poidan procesar alí as súas colleitas, xa sexa para autoconsumo ou para dárlle saída aos excedentes, contribuíndo desta maneira a complementar as economías familiares e a xerar oportunidades de desenvolvemento no territorio.

As instalacións, situadas nunha das naves do recinto feiral de San Ramón, en Moeche, están dotadas con todo tipo de equipamento profesional e deseñadas para garantir o cumprimento da esixente normativa sobre seguridade, sanidade, etiquetaxe e trazabilidade alimentaria.

O centro dispón no seu andar baixo de dúas zonas de recepción de materia prima con accesos idependentes, unha para froita e vexetais e outra para mel. A primeira delas conta con báscula de pesaxe, cámara de almacenamento e un espazo onde mesmo se pode facer unha primeira clasificación e limpeza antes de iniciar o proceso de transformación ou envasado. Ao conxunto de estancias engádense vestiarios, aseos, recunchos de almacenaxe de material de limpeza e outros equipamentos, así como unha pequena oficina para a levanza dos rexistros obrigatorios.

Un dos principais lugares de A Fusquenlla é a zona de conservas e zumes. Nela instaláronse unha cociña industrial, un forno combi de alta capacidade para cocción, asado e pasteurización, a mesa de traballo con refrixerador e outros materiais necesarios, como son mesas e carros auxiliares, a batedora, a tamizadora, as básculas de precisión, a máquina lavalouzas e unha completa batería de potas, cazos, coitelos, garfos e outros utensilios.

Noutra banda desta mesma sala sitúanse a trituradora de froita e a prensa hidráulica para o apretado e filtrado de zumes, aos que logo se lles poderá dar un tratamento térmico para alongar o tempo de conservación mantendo todas as súas propiedades.

O recinto complétase con dous almacéns para o produto xa elaborado. Un está ao carón da cociña, mentres que o outro se encontra na zona de extracción e envasado de mel. Esta área d'A Fusquenlla -que tamén ten entrada propia de materia prima- distribúese en dous andares unidos por unha escaleira interior.

No superior van colocadas a desoperculadora automática e máis o extractor por centrifugado, con capacidade para 18 cadros de cada vez. Dúas tubaxes comunican esta sala coa do baixo, onde o mel cae por gravedade directamente aos tanques de decantación e desde alí pasa a unha moderna máquina de envasado que axiliza o traballo sen que se haxa perdas dun produto tan saboroso e prezado.

A Fusquenlla quere ser tamén un espazo para a formación. Con apoio técnico da Consellaría do Medio Rural e doutras entidades especializadas preténdese ofrecer unha programación estable de cursos arredor da transformación de produtos do agro e facilitar a colaboración entre as pequenas produtoras e produtores, compartindo ideas, técnicas e proxectos que melloren o posicionamento no mercado das súas elaboracións.

A Capela xa conta con trece proxectos emprendedores

O novo coworking da Capela, inaugurado o pasado mes de outubro, atópase no primeiro andar do antigo centro de saúde das Neves e conta cunha superficie de preto de 180 metros cadrados e capacidade para acoller ata once persoas emprendedoras. A Deputación e o Concello da Capela sumaron forzas para acondicionar este espazo a través de actuacións de renovación que contaron cun investimento de 75.000 euros, dos que o 80% (60.000 euros) foron achegados polo ente provincial.

O edificio, pertencente á Rede de Espazos de Traballo Colaborativo do ente provincial, pretende ser referente na creación de emprego e na reactivación da economía no rural. Este espazo singular, que servirá de xerme de creación e atracción de novas empresas e xerará sinerxias entre elas, conta con todo o equipamento necesario para a posta en marcha de proxectos empresariais. A zona de traballo divídese en 3 oficinas modulares con mesas, cadeiras, armarios, enchufes e tomas de conexión de banda ancha, ademais dun espazo de traballo conxunto con 8 postos e unha ampla sala de reunións. Nas instalacións acolleranse proxectos pertencentes a sectores como o de organización de eventos, pasando por empresas de experiencias turísticas no Eume, reparación e custodia de cavaranas, ocio e coidado infantil, ata negocios de asesoramento financeiro, construción de vivendas sostibles e eficiencia enerxética.

Neste momento se atopan aloxados 13 proxectos empresariais. Bodaspack —organización de paquetes de voda —, Weddingpacksolidario —eventos para recadar fondos para nenos enfermos —, O casamenteiro — oficiante de vodas civís —, Con Xeito — empresa de reformas de vivendas e instalacións ecolóxicas —, Netinclub — asesoramento de investimentos financeiros — , Asesor energético — aAsesoramento sobre eficiencia enerxética —, Construcciones sostenibles — vivendas con consumo case nulo—, Auto_vana Motor — reparación e custodia de autocaravanas —, servicios integrales — seguros, telecomunicacións, luz, seguridade, etc.), Esther López — servizo de experiencias turísticas na zona do Eume —, NIñ@s felices, — servizo de coidado e ocio para os máis pequenos —, TheDroneMBA — formación sobre drons e implementación destes na creación de negocio propio — e Nuria Eguren — reformas arquitectónicas no rural con eficiencia enerxética —.

Neste sentido, o centro forma parte da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo promovida pola Deputación da Coruña co ánimo de favorecer a posta en marcha de novas iniciativas que potencien o aproveitamento dos nosos recursos e a creación de emprego sostible.

As Pontes acollerá un coworking de enerxías renovables e hidróxeno

Co proxecto "Greencoworking As Pontes", enmarcado na Rede Provincial de Espazos de Traballo, a Asociación de Empresarios SEARA quere poñer en marcha un espazo de coworking centrado nas enerxías renovables e hidróxeno, un sector cun amplo potencial de crecemento nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal de cara á instalación deste tipo de proxectos.

O obxectivo fundamental do proxecto é crear un espazo de traballo conxunto que albergue iniciativas relacionadas coa cadea de valor xerada polas grandes industrias tractoras do sector das enerxías renovables, e así poder axudalas nos seus primeiros anos de vida para o seu asentamento definitivo no territorio.

Outros obxetivos son a creación de proxectos innovadores a través das sinerxias creadas ao convivir varios proxectos do mesmo sector, así como mellorar a empregabilidade da zona, non só no aumento da taxa de ocupados senón tamén ofrecendo postos de traballo de calidade.

A posta en marcha deste cowroking vai potenciar a economía das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal a través da contratación de servizos auxiliares, convertindo a zona no polo enerxético de Galicia.

A importancia deste proxecto radica nas potencialidades das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. O territorio conta con elementos diferenciadores que propician a aparición e consolidación de iniciativas e proxectos relacionados coas "novas enerxías", como é a dispoñibilidade do no de evacuaicón de Endesa en As Pontes, tras o peche da central térmica de carbón.

Además, as probas feitas na propia central sobre biocombustibles, poden abrir a porta da novos procesos de xeración de enerxía.

Outra das fortalezas do "Greencoworking As Pontes" ven dada pola aposta de futuro que fai Enel Endesa co seu proxecto de crear un HUB EÓLICO en As Pontes, a través do cal a compañía coordinará toda a súa rede de parques eólicos de España. O mesmo ocorre coa aposta da EDP e Reganosa e de Enel Endesa pola instalación dunha planta de xeración de hidróxeno en As Pontes.

Además isto conxúgase coa experiencia do estaleiro Navantia na construción de plataformas flotantes de xeración de enerxía eólica mariña e a aparición de proxectos relacionados coa construción ecolóxica.

Turismo

O proxecto do Xeoparque recibirá fondos europeos Next Generation

O Goberno do Estado e a Xunta dictaminaron estas pasadas semanas cales son as iniciativas que se beneficiarán dos 14,6 millóns de euros para os plans de sustentabilidade turística en destinos, financiados cos fondos de recuperación Next Generation.

Nesta convocatoria extraordinaria foron elixidos nove proxectos dun total de 19 presentados. O Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal é un deles, despois de ser proposto en setembro pola Deputación da Coruña á vez que ao programa de dinamización das Fragas do Eume.

Nos próximos días coñecerase a distribución dos fondos entre as nove beneficiarias, todas elas da zona de costa de Galicia, así como as puntuacións alcanzadas por cada unha das propostas consensuadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Xunta de Galicia para obter financiamento.

Representantes municipais dos sete concellos promotores do proxecto do Xeoparque.

Aspira a 3,8 millóns

A Deputación da Coruña propuxo fai escasos dous meses incorporar o plan para As Fragas do Eume e tamén o do Xeoparque do Cabo Ortegal, cuantificando neste último caso en 3,8 millóns de euros as necesidades económicas para levar adiante 40 accións durante o próximos tres anos para estruturar -e apoiar- a oferta turística e de servizos dunha área xeográfica que se revelou nos últimos tempos como unha das de maior potencial do norte do Estado.

Cabe lembrar que a Deputación da Coruña asinou un acordo coa asociación impulsora do proxecto -conformada polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño- para a concesión dunha subvención nominativa para o cofinanciamento de distintas actividades da Asociación para a Xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.

A contía do acordo alcanza os 239.943 euros distribuídos en cinco liñas de actuación coas que se pretende continuar traballando na estrutura de funcionamento do proxecto, levar a cabo investimentos na conservación e posta en valor dos recursos xeolóxicos e reforzar a parte de difusión científica e educativa, ademais de prever accións formativas no ámbito do xeoturismo e o ecoturismo dirixidas a entidades e empresas do sector.

O acordo ten unha vixencia de un ano, tempo no que a asociación xestora do proxecto deberá levar a cabo 20 accións concretas reflectidas no texto asinado.

Transporte

ADIF automatizará os 53 km do tramo ferroviario Ferrol-Ortigueira

O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) licitou, por 978.902,10 euros, o contrato de subministración e transporte de travesas para a execución dunha nova configuración de vías nas estacións do tramo Ferrol-Ortigueira.

Segundo informa ADIF a través dun comunicado, serán 11.000 travesas monovalentes monobloque de formigón que substituirán aos bloqueos telefónicos e permitirán a automatización do trazado.

En concreto, as estacións nas que se van a realizar as obras de mellora son Ferrol, Xuvia, San Sadurniño, Moeche, Cerdido, Ponche Mera e Ortigueira.

O contrato comprende, entre outras operacións, a fabricación das travesas, a adquisición e colocación das suxeicións, o almacenamento en fábrica, a carga, o transporte do material e a súa descarga na zona de provisión establecida.

O tramo Ferrol-Ortigueira, que forma parte da liña Ferrol- Pravia, ten unha lonxitude duns 53 quilómetros en vía única non electrificada e dotada do sistema de axuda á condución e bloqueos telefónicos entre estacións lindeiras.

Urbanismo

Valdoviño dá luz verde ao seu Plan de Mobilidade Sostible

APOSTA POR UN REPARTO MÁIS EQUITATIVO DO ESPAZO PÚBLICO E UNHA REDISTRIBUCIÓN QUE FAVOREZA OS MODOS ALTERNATIVOS DE TRANSPORTE

O Concello quere optar a axudas para actuacións de urbanización e reurbanización do espazo público.

A corporación municipal de Valdoviño aprobou por unanimidade en pleno o Plan de Mobilidade Sostible. Un documento mestre de planificación estratéxica do territorio a través do fomento dunha mobilidade sostible, que procure unha accesibilidade universal e inclusiva e unha redución da pegada de carbono. Así mesmo, permitirá prever accións para incorporar na planificación urbanística do PXOM, hoxe en fase de elaboración, e optar ás axudas dos fondos Next Generation para executar actuacións de urbanización e reurbanización do espazo público.

En liñas xerais, o documento aposta por un reparto máis equitativo do espazo público e unha redistribución que favoreza os modos alternativos de transporte sostibles. Esta nova redistribución está vinculada cunha nova xestión dos espazos de aparcamento, que á súa vez favorecerán ao peón na súa reconquista do espazo público. Así mesmo, propón un novo equilibrio nos modos de transporte utilizados pola cidadanía, fomentando os sistemas de mobilidade alternativa sostible dende un punto de vista social e ambiental a través da mobilidade peonil, en bicicleta e en transporte público, así como un aumento da seguridade viaria e a accesibilidade universal. Un modelo que permita unha significativa redución na emisión de gases de efecto invernadoiro e polo tanto contribúa á mellora do medio ambiente e da calidade de vida dos veciños e veciñas.

Así, prevé a humanización de espazos, gañando terreo para o peón en detrimento do coche; a implantación da dirección única en viais co mesmo obxectivo; a creación de sendas ciclistas ou a dotación de novos aparcadoiros disuasorios nas contornas das praias e zonas máis urbanas.

Para a elaboración do plan seguiuse un proceso participativo, no que se buscou a implicación efectiva da veciñanza, a través de enquisas online e a achega de propostas de forma presencial e a través do correo. Ademais, todos os grupos municipais tomaron parte na fase de proposición, con xuntanzas periódicas co equipo redactor, dando como resultado un documento consensuado.

Infraestruturas

A Deputación da Coruña licita a senda peonil da estrada que vai de Ares a Redes

A Deputación da Coruña iniciou este mes de outubro a licitación da senda peonil da estrada de Ares a Redes. A obra suporá un forte investimento de 748.000 euros, incluídas as expropiacións, con cargo á Deputación e mellorará a seguridade peonil dunha vía moi transitada polos camiñantes, especialmente no período estival, ao dar acceso ao núcleo de Redes e ás praias do Raso ou Seselle.

O alcalde de Ares, Julio Iglesias, definiu a licitación coma unha "magnífica nova" para toda a vila, ao constituírse coma o último paso previo ó inicio desta actuación que mellorará considerablemente a seguridade dos peóns ao longo dos quilómetros 0+140 e 3+200 da DP 0401.

Os traballos implicarán un importante investimento, próximo aos 748.000 euros –incluídas as expropiacións– e traduciranse na construción dunha senda de dous metros de ancho e 1,8 quilómetros de lonxitude, que discorrerá pola marxe dereita da calzada, cun tramo tamén na marxe esquerda.

Valentín González e Julio Iglesias durante unha visita á zona das obras.

Ademais, a licitación da Deputación, coma recalcou Julio Iglesias, coincide en tempos coa próxima execución da Fase II da estrada de Ares a Chanteiro, que tamén supón unha notable mellora da seguridade peonil e a solución a unha "reivindicación histórica" da veciñanza, en palabras do rexidor do municipio.

Municipal

Neda ampliará a cinco anos a cesión dos locais a entidades

O Concello de Neda ampliará o prazo de cesión dos locais municipais ás diferentes entidades e asociacións do municipio. Así, ese periodo pasará dos 3 anos establecidos nos convenios actuais aos 5 previstos.

O equipo de goberno avanzaba a iniciativa aos representantes do tecido asociativo este pasado mes outubro, na xuntanza que mantiveron no salón de actos da Casa da Cultura, coa presenza do secretario municipal. O obxectivo é dar maior estabilidade e seguridade ás entidades na planificación da súa actividade.

A través dos convenios de cesión, o Concello facilita un espazo ás asociacións, auténticas dinamizadoras da actividade sociocultural da vila, e asume tamén os gastos derivados do mantenemento e os custes do recibo da luz, un apoio especialmente significativo no momento actual.

Como contrapartida, as asociacións comprométense a levar a cabo as tarefas de limpeza das instalacións.

Na mesma xuntanza, o secretario informou dos últimos cambios normativos establecidos pola Xunta de Galicia en relación ás políticas de prevención da covid-19 e, nomeadamente, todo o tocante á realización de actividades, moi condicionadas ata o momento para as entidades e asociacións.

De feito, esta situación levaba o pasado ano ao Concello a modificar, de forma consensuada co tecido asociativo, as bases que rixen a concesión de axudas municipais de modo que se puidesen abrir tamén á realización de investimentos.

ARTESANÍA, DEGUSTACIÓNS, CHARLAS, PRODUTOS LOCAIS, MAQUINARIA AGRÍCOLA... E MEL E MAZÁS

XXXII FEIRA DO MEL
VI FEIRA DA MAZÁ

14 NOVEMBRO 2021 / **ALAMEDA DE SANTA MARTA** DE ORTIGUEIRA
DE 10:00 H **A** 20:00 H

12:30 h | Centro Social
Charla - Degustación de sidra: 'O proceso da mazá á sidra'.

13:30 h | Baixo do Mercado
Degustación de petiscos con mel e mazá elaborados por "Entre Fogones".

17:00 h | Centro Social
Meles galegos
Cata e detustacións de elaboracións feitas con mel por Noela Torres.

Toda a xornada - 5 sorteos de cestas con produtos da feira.

ORGANIZAN

Concello de Ortigueira

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE

AGA ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA
Delegación da Comarca do Ortegal

COLABORAN

ENTRE FOGONES

ERICA MEL

Axenda

A Feira do Mel e da Mazá abren a axenda de Ortigueira

A 32ª Feira do Mel e a 6ª Feira dá Mazá, xunto ás actividades conmemorativas polo día contra a violencia de xénero, copan o protagonismo da axenda cultural para o mes de novembro do Concello de Ortigueira. O domingo 14 de novembro celebrarase, a partir das 10:00 horas e ata as 20:00 horas, a Feira do Mel e dá Mazá na Alameda. Entre a oferta que poderán atopar os que ata alí achéguense haberá postos de artesanía, degustacións, charlas e maquinaria agrícola.

O sábado 20 de novembro, ás 19:30 horas, o Teatro dá Beneficencia acollerá un concerto de Davide, Fransy & Cibrán dentro do ciclo Festival non Teatro. As entradas pódense adquirir por 4,5 euros e poderanse comprar de formar anticipada desde o martes 16 ata o venres 19 de novembro nas oficinas de Cultura.

O domingo 21 de novembro, ás 19:30 haberá un concerto no Teatro dá Beneficencia de 'Honra a Santa Icía' por parte da Banda de Música de Ortigueira. A entrada é gratuíta. En canto a exposicións, na Sala de Exposicóns do Concello estará durante todo o mes a mostra 'Julio Dávila. 150 aniversario', que se poderá vistiar de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

Mes contra a violencia de xénero

Durante todo este de mes de novembro, no que é conmemora o 25 de novembro o Día contra a violencia de xénero, programáronse diferentes actividades relacionadas con esta secuela para erradicar da sociedade, dirixidas tanto aos máis novos como para adultos.

O día 10 de novembro realizarase no IES de Ortigueira unha charla afectivo-sexual contra a LGTBIfobia, o 13 de novembro haberá un seminario de defensa persoal feminina para mulleres de entre 14 e 70 anos no pavillón do IES, o 15 de novembro o alumnado do IES participará nun taller sobre ciberdelitos de natureza sexual e, por último, o propio 25 de novembro realizarase un acto de lectura de textos e poemas relacionados a partir das 12:00.

Ademais, no claustro da casa do concello, do 8 ao 30 de novembro, haberá unha exposición cos carteis da campaña municipal contra a violencia de xénero 'Implícache, somos as túas veciñas', que se poderá visitar de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

Municipal

Cariño busca recuperar terreos de Portos de Galicia

Algúns inmobles presentan un importante estado de abandono.

O Concello de Cariño volveu a solicitar a Portos de Galicia a reversión de 5 hectáreas de terreo da súa propiedade que están totalmente integrados no centro urbano e inclúen numerosos edificios e espazos de uso público veciñal, sendo un dos municipios máis prexudicados de Galicia neste sentido.

Esta é unha demanda histórica e constante do municipio, que iniciou no ano 1997 o proceso formal de solicitude tanto a Portos de Galicia como ao Ministerio de Transición Ecolóxica e reiterouno no ano 2011, 2015 e 2021.

A superficie que ocupan estes terreos, 5 hectáreas, é practicamente a mesma que a zona estritamente portuaria, de 6,5 hectáreas, e supón máis do 43% da totalidade dos terreos de Portos de Galicia en Cariño, incumprindo así a Lei de Costas que di que a superficie máxima permitida para usos na zona de servizo portuaria terá que ser inferior ao 10% da superficie de terra do porto.

Agravio económico

"Esta situación xera múltiples problemas tanto aos veciños como ao propio Concello" -explican desde o Concello-, xa que en lestes terreos para os que se solicita a reversión atópanse diversos servizos públicos civís como a casa do concello, o centro de saúde, o mercado municipal, a Praza Vermella, o futuro Museo do Mar, etc.

Doutra banda, na área indicada atópanse algunhas das máis relevantes e antigas fábricas conserveiras de Cariño, que mostran a día de hoxe un estado de abandono debido á falta de mantemento.

Sociedade

Cedeira dótase do seu primeiro Plan de Igualdade

O Concello de Cedeira conta xa co seu I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, un documento que o pleno da corporación aprobou por unanimidade e que o goberno local presentou cualificándoo como "un dos logros máis importantes deste mandato". A concelleira Carmela Prieto explicou que esta "é unha ferramenta coa que avanzar nos vindeiros anos cara a unha equidade de xénero real e efectiva".

A concelleira Carmela Prieto agradeceu a colaboración de todas as persoas implicadas na elaboración do Plan de Igualdade. Tanto na fase de diagnóstico como na definición de propostas, o traballo foi aberto e participativo.

Creáronse mesas de traballo con persoal do propio Concello, con representantes políticos, co tecido asociativo, coa comunidade educativa e tamén con veciñas que quixeron colaborar e participar. "Deste proceso resultou un programa de acción que debuxa a situación na que estamos e marca estratexias e obxectivos, unha completa folla de ruta para avanzar de aquí ao ano 2024", explicou a concelleira.

Así, o Plan de Igualdade de Cedeira identifica un total de 49 accións en seis eidos diferentes: a propia administración municipal; a educación e a mocidade; o emprego e a formación; o benestar social, a conciliación e a corresponsabilidade; a participación social, a cultura e os deportes; e a prevención e atención integral da violencia machista. Entre ditas accións, por exemplo, encóntranse o desenvolvemento de campañas para a posta en valor das mulleres traballadoras, a revisión das taxas municipais desde un enfoque de xénero, a posta en marcha dunha escola de familias para promover a coeducación ou a creación dun Punto Violeta no ocio nocturno e nas festas. Unha destas propostas xa está feita: o curso de formación para o persoal municipal.

Para traballar no Plan de Igualdade, crearase unha comisión permanente, que celebrará reunións como mínimo cada seis meses. Nela participan concelleiros e concelleiras da corporación, o comité de empresa e técnicos/as das diferentes áreas de xestión do Concello, para garantir que os avances se aplican de maneira transversal e chegan a todos os eidos de actividade.

Carmela Prieto expresou a satisfacción de todo o goberno municipal pola elaboración e posta en marcha do plan, culminación dunha política xa iniciada no anterior mandato e dirixida a contribuír, no que está na man da administración local, a reducir a desigualdade entre xéneros en todos os ámbitos e loitar contra as violencias machistas.

Infraestruturas

Cedeira avanza no proxecto de ampliación do centro de saúde

O CONCELLO VÉN DE ADQUIRIR UN INMOBLE ANEXO QUE ERA PROPIEDADE DA CONFRARÍA DE PESCADORES POR MÁS DE 74.000 EUROS

O inmoble atópase xunto ao actual centro de saúde e formará parte das novas instalacións sanitarias.

O Concello de Cedeira chegou a un acordo coa Confraría de Pescadores da vila para adquirir, por 74.312 euros, a parcela da súa propiedade situada na rúa Ortigueira. A operación, que foi aprobada no último pleno cos votos a favor de PSOE e BNG e a abstención do PP, servirá para levar adiante a ampliación do Centro de Saúde.

O alcalde, Pablo Moreda, expresou o seu agradecemento á Confraría por facilitar esta compra, que é unha peza indispensable para facer posible a longamente esperada ampliación do Centro de Saúde.

"Dámoslle as grazas tanto ao novo patrón maior, Ricardo Villar, como aos anteriores, Eduardo González e Lucía Villar, que unha vez máis amosaron o compromiso do noso sector pesqueiro co presente e o futuro da vila", dixo o alcalde. Coa adquisición deste solar, no que está un antigo edificio do pósito, serán xa máis de 150.000 euros os fondos que a administración local destinou á posta a disposición da Consellería de Sanidade dos inmobles e terreos precisos para levar adiante a ampliación, unha demanda o goberno local confía en ver cumprida neste mandato.

O Concello de Cedeira comprara xa a finais de 2019 o baixo, terceira planta e baixo cuberta do edificio do número 7 da rúa Ortigueira, por máis de 60.000 euros, para poñelos a disposición da Consellería de Sanidade cara á ampliación do Centro de Saúde. Pero non foi ata este ano cando a administración autonómica retomou o proxecto e abriu de novo o diálogo coa finalidade de despexar o camiño para a sinatura do convenio de cesión do inmoble. Nunha reunión mantida o pasado mes de marzo entre o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e o concelleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, este último concordou en que a ampliación é unha mellora xustificada e necesaria e comprometeuse a axilizar trámites para levar adiante o proxecto sen dilacións.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, explicou que o Concello de Cedeira ten atendido coa máxima axilidade todos os requirimentos de Sanidade, co devezo de que a ampliación do Centro de Saúde sexa unha realidade canto antes. "A pandemia puxo aínda máis de relevo as eivas que ten o actual edificio, tanto estruturais como construtivas", recordou o alcalde. Faltan salas de pediatría e fisioterapia, un espazo para ciruxía menor, dependencias para arquivo e zona de almacén de material, entre outros problemas como goteiras, malos olores e accesos deficientes.

Coa ampliación, o Centro de Saúde de Cedeira aumentará a súa dispoñibilidade de superficie útil case nun 50% e poderá completar a súa dotación para ofrecer un mellor servizo tanto á cidadanía do propio municipio como á poboación das zonas limítrofes que o teñen como referencia.

Infraestruturas

Narón investirá 1,2 millóns en melloras viais na zona rural

Pista na parroquia de Pedroso.

O Concello destinou unha partida de 1.194.678 euros á mellora de varios camiños de parroquias da zona rural de Narón. A alcaldesa da cidade, Marián Ferreiro, indicou que actualmente están en proceso de licitación actuacións de reparación de pavimentos asfálticos e reforzo de rodadura orzamentadas en 964.678 euros, se ben está pendente da citada fase este mesmo ano un novo paquete de actuacións que se licitarán en algo máis de 230.000 euros e que tamén se destinarán á zona rural da cidade.

O Concello destina 900.678 euros a reforzar a rodadura en camiños localizados en todas as parroquias da zona rural e que se licitan actualmente en tres lotes diferenciados por razón de axilidade na contratación dos traballos.

En total trátase de corenta e seis camiños ou tramos do rural que nos últimos anos se foron deteriorando debido ao uso. En canto aos viais, repararanse en Doso, Pedroso, Sedes, Castro, O Val, San Xiao, San Mateo, O Couto e Piñeiros. "En total repararase neste lote o pavimento de viais con máis de doce ou quince anos de antigüidade e que urxen unha serie de melloras que se acometerán nos vindeiros meses", apuntou Ferreiro.

A rexedora local avanzou que o reforzo de rodadura no camiño de Cimadevila-Canteiros, na parroquia do Val, será outra das actuacións a levar a cabo nos vindeiros meses e á que se destina unha partida de preto de 64.000 euros.

Os traballos están actualmente en fase de licitación e trátase dunha obra incluída no Plan Marco de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, que executará Agader.

Este camiño pavimentouse hai algo máis dunha década e require dunha mellora debido ao incremento da intensidade do tráfico rodado no mesmo nos últimos anos. O aglomerado do firme completarase coa limpeza de cunetas e acondicionamento de beiravías.

"Trátase dun importante investimento que permitirá mellorar considerablemente viais da zona rural, chegando a todas as parroquias e continuando un labor que é moi necesaria e que dende o Concello se complementará nos vindeiros orzamentos con novas partidas destinadas a esta mesma finalidade", avanzou a alcaldesa.

Sanidade

O centro de saúde Fontenla Maristany, en Ferrol, acolle dende o pasado mes de outubro a dobre vacinación de gripe e COVID-19.

A área sanitaria encara o reto da dobre vacinación

A POBOACIÓN MAIOR DE 80 ANOS É A PRIMEIRA EN RECIBIR A TERCEIRA DOSE DA VACINA CONTRA O COVID E MÁIS A DA GRIPE. DENDE O 29 DE NOVEMBRO SERÁ O TURNO DO RESTO DA POBOACIÓN DIANA

Tras máis dun ano e medio de loita contra a pandemia da COVID-19 a área Sanitaria de Ferrol asume agora o reto da dobre vacinación fronte o coronavirus e fronte á gripe.

A poboación maior de 80 anos será convocada para vacinarse coa terceira dose da vacina COVID-19 se pasaron seis meses da administración da segunda dose. Así, no momento en que acudan a recibir esa vacina de reforzo, ofertaráselles de xeito simultáneo a vacina antigripal. Neste senso, ámbalas dúas vacinas adminístranse nun mesmo acto, en lugares anatómicos diferentes.

Estas persoas maiores de 80 anos serán convocadas tanto nos dez puntos de vacinación nos centros de saúde cabeceira previstos para a anterior vacina Covid —Fontenla, Serantes e Caranza en Ferrol; Fene, Narón, As Pontes, Pontedeume, San Sadurniño, Cedeira e Ortigueira— como no Hospital Naval do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

A irrupción da pandemia provocou que, por primeira vez, a campaña de vacinación antigripal se produza de xeito secuencial. E, xa no tocante á administración da vacina fronte á gripe, nesta primeira fase, que se prolongará ata o 15 de novembro, tamén se vacinarán fronte á gripe ás persoas de 65 ou máis anos, así como ás persoas institucionalizadas de maneira prolongada.

Posteriormente, a partir do 15 de novembro, vacinaranse ás persoas de 60 a 64 anos, persoas menores de 60 con patoloxías de risco; embarazadas e puerperio; prematuros de 6 meses a 2 anos; persoal de servizos esenciais; persoal de exposición laboral; e, ademais, o persoal das oficinas de farmacia.

Dende o 29 de novembro as persoas a vacinar serán o resto da poboación diana e convivintes de persoas de risco. Para a vacinación fronte á gripe administraranse tres tipos de vacinas, segundo os diferentes grupos de poboación.

Por unha banda, administrarase a trivalente adxuvada de antíxenos de superficie inactivados ás persoas de 65 ou máis anos; ademais, a vacina de alta carga tetravalente, aplicarase nas persoas maiores de 60 anos institucionalizadas en residencias, dado que xera unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de transmisión e; finalmente, disporase a vacina tetravalente de virus fraccionados e inactivados, cuxa indicación comeza a partir dos 6 meses.

Vacinación fronte á Covid

Continúa igualmente ó longo da semana que vén a vacinación fronte a Covid libre e as segundas e terceiras doses dalgunhas persoas pendentes de distintos tipos de grupos.

A opción de vacinación libre no Centro de Especialidades do Hospital Arquitecto Marcide segue aberta de luns a sábado (excepto festivos) e en horario de 09:00 a 14:00, para quen aínda decida optar pola vacina. Na actualidade, ata o 8 de novembro, son un total de 316.050 as vacinas administradas ata o momento na Área Sanitaria de Ferrol, e un total de 160.467 as persoas que teñen a súa pauta de vacinación completa. Un total de 8.130 teñen tres doses da vacina conta a COVID.

Con todo, tamén segue a ser posible pedir unha cita para administración da primeira dose da vacina á que non o fixera aínda. Existen varias vías para solicitala: a través da páxina web do Sergas –cita.sergas.gal–, actuando igual que se se solicitara unha cita co profesional de Medicina ou coa Enfermaría.

Outra das opcións é a través da App do Sergas, Sergas Móbil, que no seu apartado de Citas, e ó premer no signo máis, permite solicitar unha cita do mesmo xeito habitual que o fai a páxina.

E, por último, a través do número do Sergas 981 21 59 30 e o sistema de mensaxería whatsapp deste número, ou no enderezo electrónico citate@sergas.gal. A maiores, na Área Sanitaria de Ferrol, habilitouse un número de teléfono para esta citación para a vacina, o 981 44 38 00.

En cifras (ata 8/11)

316.050

VACINAS

■ Son as vacinas administradas ata o momento na Área Sanitaria de Ferrol.

160.467

PERSOAS

■ Son as persoas que teñen a súa pauta de vacinación completa.

8.130

COA TRIPLE PAUTA

■ Son os veciños de Ferrol, Eume e Ortegal que xa recibiron a terceira dose da vacina contra a COVID-19.

11.723

CONTAXIOS TOTAIS

■ Dende o inicio da pandemia máis de 11.700 persoas contaxiáronse coa COVID na área sanitaria de Ferrol.

288.906

PROBAS

■ Xa son máis de 188.744 as probas PCR realizadas dende o inicio da pandemia, 28.538 test de antíxenos e 71.624 outras probas de detección da COVID.

A CORUÑA PROVINCIA

956 KM DE COSTA E UN CAMIÑO INFINITO DAN PARA MOITA PAISAXE

- Rías Altas: Ferrolterra
- Rías Altas: A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Terras de Santiago
- Rías Baixas: Ría de Muros e Noia
- Rías Baixas: Ría de Arousa Norte

Deputación DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal

Carlos de Castro, profesor e historiador

Sta. María de Monfero: entre a ruína, a restauración e a irrealidade

Os mosteiros tiveron no medioevo unha enorme importancia, entre eles, os cistercienses. Foron estes algo parecido ao que hoxe sería unha multinacional europea. Centros de evanxelización, de administración territorial e de recepción de dereitos e rendas feudais, de articulación territorial, de desenvolvemento das vías de comunicación, de cultura, de difusión das formas artísticas e dos novos adiantos da agricultura; en fin, de concentración dun volume importante da propiedade da terra.

En Galicia houbo 17 mosteiros cistercienses, 3 deles de mulleres. Particularismos aparte, polo menos os de homes, tiveron unha historia de etapas similares: fundación beneditina de cronoloxías incertas, cotos e privilexios reais, enriquecemento con doazóns particulares e compras, encomendas, crise baixomedieval da que saen unínndose á Congregación de Castela a principios do século XVI, hiperdesenvolvemento arquitectónico ao longo dos séculos XVII e XVIII, e abandono e ruína tras a desamortización.

Sálvese quen poida

O proceso que se pon en marcha en 1835 coas leis de desamortización e exclaustración é un dos capítulos máis aciagos de destrución de patrimonio artístico e cultural (moble e inmoble) da historia de España. Puxo de manifesto a insensibilidade da administración do Estado, e quizá o brutal saqueo que sufriron os mosteiros cistercienses por parte dos aldeáns sexa unha proba de que os devanditos mosteiros, a pesar de todo, non crearon lazos afectivos suficientes cos habitantes onde estaban situados.

A sorte que correron foi, a partir da desamortización, dispar. Dalgúns, como Toxosoutos, Meira, Penamaior, Franqueira, só quedou a igrexa convertida en parroquial. Outros conseguen, non sen diversas vicisitudes, volver ser habitados con distintas ordes. É o caso de Ferreira de Pantón, con Nais Bernardas; Oseira, con monxes da Estrita Observancia; ou Armentaria ou Sobrado, onde se mantén a orde cisterciense. Un terceiro grupo, os menos, son utilizados para distintos usos: Xunqueira de Espadanedo, con oficinas municipais; en Montederramo funcionou un colexio público ata hai pouco; do mesmo xeito que Oseira, utilizado como cárcere despois da Guerra Civil. E, en plena burbulla inmobiliaria, chegaron os complexos hostaleiros, que se materializaron en S. Clodio e Aciveiro; e ao que hoxe aspiran, en penosas condicións de degradación, Melón, Oia e Monfero.

O caso de Monfero

Monfero desde a desamorización navega entre a ruína, a fantasía e a intervención. A primeira ilusión foi a de Rodrigo Pardo, propietario da fábrica de curtidos "La América", quen, salvado dun naufraxio ao invocar á Virxe da Cela, prometeu volver a levar monxes a Monfero. Tentouno todo, pero morreu en 1929 sen conseguilo, aínda que non hai dúbida de que os seus desvelos atrasaron durante décadas a ruína do mosteiro. A seguinte ilusión, máis que ilusión fantasía, foi a de pretender trasladar a igrexa de Monfero a S. Pedro de Mezonzo (A Coruña), en 1951, tras informe realizado polo arquitecto Pons Sorolla. O proxecto, que hoxe nos pon os pelos de punta, contou co decidido rexeitamento de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. A pesar de ser declarado Monumento Histórico-Artístico en 1931, a deterioración foi espectacular, o que obrigou, por fin, a decididas intervencións desde a década dos sesenta ata os noventa do pasado século, baixo as direccións de Pons Sorolla e Rodríguez Losada. Estas intervencións conseguiron deter a ruína e que o mosteiro puidese ser visitado dignamente. E iso coas medidas encamiñadas a favorecer a circulación de persoas con seguridade, baixo o coidado do Concello de Monfero. De seguirse coa restauración progresiva, como postulaba Rodríguez Losada, hoxe o mosteiro estaría mellor que nunca e non retrocederiamos décadas. Pero hai que dicir que as intervencións non contaron cun proxecto claro, sostible e ilusionante que dese nova vida ao mosteiro. E aquí chegou a seguinte fantasía: a de converter a Monfero nun hotel spa de luxo de 4 estrelas.

O desenvolvemento do proxecto, comezado coa cesión, no 2003, do Arcebispado de Santiago á Xunta de Galicia por un período de 99 anos, logo rectificado a 50, seguido dun concurso de ideas en 2004, foi tan tortuoso que resulta ruborizarte contar os pormenores.

De xeito evidente é un proxecto non sostible, que non garante o investimento permanente que necesita o mosteiro, sobre todo na descomunal igrexa e, por moito que se diga, non garante o disfrute pleno do mosteiro por parte dos visitantes nin respecta a súa milenaria historia; de tal maneira que expresións como " non estamos a restaurar un mosteiro, estamos a construír un hotel" volven poñer os pelos de punta. Certamente, a idea e unha realidade en S. Clodio, pero con connotacións moi distintas a Monfero.

Un gran centro de interpretación do monacato cisterciense

A relevancia que tiveron os mosteiros cistercienses na nosa historia debe de ser posta en valor e ser conservada na memoria colectiva. A idea calou na Asociación de Mosteiros do Císter de Galicia, creada no 2015, que empezou a remover conciencias. Na comarca Eumesa os edificios históricos orientáronse á difusión cultural.

O Torreón de Pontedeume, o castelo de Andrade, o mosteiro de agostiños de Pontedeume, Montefaro, o románico eumés, constitúen, xunto ao Parque Fragas do Eume, un complexo cultural e turístico de primeira magnitude que, coa creación do centro de Interpretación do monacato cisterciense en Monfero que necesita Galicia, elevaría o seu atractivo ata cotas insospeitadas. Sería un proxecto sostible, de restauración permanente, que respectaría as ruínas consolidadas que xa forman parte da súa historia, como quería Torres Balbás e, en gran medida, o arquitecto Losada. Sería un proxecto no que a maior parte dos beneficios reverterían nun mosteiro que, como toda vivenda, necesita arranxos continuos.

Pero, a pesar do devandito, oxalá esteamos equivocados e o hotel puidese ser a solución. Mentres tanto, se chega o inevitable, volvamos a limpalo e a quitar as humidades, e a deixar ao Concello de Monfero xestionar o monumento en favor do goce dos fieis, cidadáns e contribuíntes, verdadeiros propietarios morais dun mosteiro que durante centos de anos, cos seus impostos, contribuíron a edificar.

enfoques.gal
DEPÓSITO LEGAL: C 38-2020
www.enfoques.gal · @enfoquesdacomarca
redaccion@enfoques.gal
679 89 20 44
SÍGUENOS EN:

Iniciativa

As mulleres toman os montes de Ferrolterra

O equipo de As Cabritiñas formouse en 2016, cando varias mulleres da comarca de Ferrolterra decidiron unirse para andar en bicicleta xuntas. Dous anos despois, a Federación Española de Ciclismo lanzou o programa " Woman in bike" dedicado á muller. O grupo galego, aceptando o requirimento que lle fixo a entidade, sumouse para captar a máis integrantes. "Puxéronse en contacto connosco para ver se queriamos participar e que máis mulleres fósense sumando", conta a líder da grupeta, Begoña Espina.

O programa " Woman in bike" compónse por 180 grupos de mulleres a nivel nacional. Cada vez que As Cabritiñas fai unha quedada anúnciano na web da Federación e na súa, co fin de que outras interesadas póidanse inscribir. O seu obxectivo é, remarca Begoña Espiña, "fomentar o ciclismo feminino".

"As que empezabamos a andar en bicicleta sempre íamos con mozos. Non atopabas un grupo de mozas. E realmente, aínda que somos minoría hai moitas e somos tan válidas como os homes", defende Begoña. Por iso promoven os eslóganes #RodamosJuntas ou #NoPedaleesSola. As principiantes poden optar polas quedadas de iniciación organizadas por As Cabritiñas tres veces ao ano. Ademais, fan citas de montaña e tamén de estrada.

En torno a sesenta mulleres participan nas quedadas das Cabritiñas para saír ao monte.

Este gran equipo, conformado por preto de 60 compoñeñtes, acepta a mulleres de todas as idades e todos os niveis e organiza dous ou tres roteiros por semana. Na consecución desa meta de ser máis, decidiron crear unha peza audiovisual da man da Federación Española de Ciclismo, que se atopa xa en Youtube. "Propúxenlles que viñesen gravarnos un vídeo porque Galicia parece que está no escurecemento e aceptaron", di Begoña.

"Facemos piña"

"Desde o principio fascinounos o proxecto ' Woman in bike' e puxémonos de cheo nel. Empezamos sendo vinte e xa somos máis de cincuenta. Estamos a crecer unha chea!", celebra Bego, quen atopa no ciclismo unha vía de escape na que evadirse. E encántalle compartila coas súas compañeiras.

O mesmo ocórrelle a Viviana Gómez, quen tila de "estupenda" a idea da Federación e agradece o seu apoio aos grupos pequenos como As Cabritiñas porque "se dan máis a coñecer e as mozas anímanse máis a presentarse a isto". A súa opinión a comparte a súa colega Lorena Rodríguez, quen enzalza "a motivación" que se proporcionan unhas a outras.

"O mellor dos roteiros é o grupo que facemos", asegura Lorena. Para ela, "son quedadas súper amenas" e "enriquecedoras" para o equipo. "Coñecémonos moitas de nós e outras que se engaden cada día ás quedadas. Facemos piña e motivámonos unhas a outras", subliña esta deportista.

Por iso, Sesé Maceiras, outra das compoñentes das Cabritiñas opta por animar a outras mulleres para sumarse ao club das dúas rodas. "Por pouquiño que anden en bicicleta deberían probalo porque desconectas da vida cotiá, pásalo ben e gozas", remarca. E é que desconectar e terminar "un día perfecto" é o que supón para elas a bicibleta.

La gestión de tus seguros de forma rápida, personalizada y siempre con el mejor precio.
Hogar Vida
AUXILIAR BROKER
MEDIADORES DE SEGUROS
Salud Decesos
LA MEJOR COMPAÑÍA ENTRE TÚ Y TU ASEGURADORA.
Polígono industrial de Vilar do Colo
C/Cornecha parc. 4, oficina 5 15621 Cabanas (La Coruña)
Llámanos al 981 396 524, escríbenos al 619 374 140 o bien un correo a administracion@auxiliarbroker.com